

**PRESENTACIÓN DO LIBRO**  
**ASÍ NACEN AS BALEAS,**  
**DE ANXOS SUMAI**

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 3 de decembro de 2008, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” no Pazo de Vila Melania (Vilaboa – Culleredo), o acto de presentación do libro *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura, Carlos Pereira Martínez, historiador, e Anxos Sumai, autora.

Se ben a programación da Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” está centrada fundamentalmente na poesía, non se desbota ofrecer ao público presentacións de libros doutros xéneros.

Ese é o caso do libro de narrativa, publicado por Editorial Galaxia, *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, unha das narradoras máis galardoadas nos últimos anos na literatura galega pero que, ademais, ten feito novidosas aportacións a un novo xénero, vinculado ás tecnoloxías da información, como é o de manter un blog en internet.

**Datos biográficos**

Anxos Sumai naceu en Catoira (Pontevedra) en 1960. É documentalista, tradutora e escritora. Nos anos oitenta e noventa colaborou en distintas publicacións periódicas e libros colectivos, realizou guións para banda deseñada (revistas *Valium diez* e *Das capital*) e escribiu letras de cancións.

Obtivo os seguintes premios: Premio Novos Valores da Narrativa Galega (1985), 2º premio no concurso Modesto R. Figueiredo de Narración Curta (1986), Premio da Crítica de Galicia (2004), Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión (2007), Premio Repsol-YPF de Narrativa Breve (2007); Premio da Edición, mellor autor galego, da Asociación Galega de Editores (2007); Premio Arcebispo San Clemente (2008); XI Premio Max de Teatro (na sección galego) (con Xosé Manuel Pazos, Cándido Pazó, Suso de Toro e Sonia Delgado).

Dende o ano 2001 desenvolve a súa actividade literaria no portal [www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org), coas seccións semanais “Anxos e diaños” (2002), “Anxos da garda” (2003-2005) e “Crítica da memoria pura” (2006). Colaborou na Revista *Guía dos Libros Novos* coa sección fixa “Hemisferio Oeste” (2003-2004) e durante o ano 2006 foi colaboradora literaria semanal do programa *Diario Cultural* da Radio Galega.

Publica artigos e relatos en distintas revistas e xornais (*Galicia Hoxe, La Voz de Galicia, Abril, Interea, Praza das Letras*, etc.). Participou en libros colectivos como *Pano de Lona, Fisuras no cotián. Nove narradoras no relato de Xénero*.

Colabora coa compañía “Teatro de Ningures” co texto *Deus está de vacacións*, para a montaxe da obra *Emigrados* (2007).

Actualmente traballa como documentalista no Consello da Cultura Galega.

Ten publicado os libros *Anxos da garda* (2003), *Melodía dos días usados* (2005), *Así nacen as baleas* (2007), *24 10 06*, con fotografías de Manuel Martínez e textos seus (2007) e *Perigosamente normais* (2008), e traducido os *Diarios*, de Syra Alonso (2000) e *Tres tempos e a esperanza*, de Mariví Villaverde (2002)

Culleredo, 1 de decembro de 2008  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez